

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE MAIO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de maio de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de abril de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Extracto publicado pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), da Resolución número 18252/2022 de data 19 de abril, da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 78, do 26 de abril de 2022).

- Resolución do 12 de abril de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia para a adquisición de novidades editoriais (Programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022. (Diario Oficial de Galicia número 79, do 26 de abril de 2022).

Consta unha subvención concedida ao Concello de Cambre por importe de 1.960,78 euros.

- Orde do 25 de abril de 2022, da Consellería de Política Social, de modificación da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá,

cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2022, e se convocan para o ano 2022. (Diario Oficial de Galicia número 81, do 28 de abril de 2022).

- Resolución do 21 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2021 (*Diario Oficial de Galicia número 15, do 24 de xaneiro*) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. (Diario Oficial de Galicia número 84, do 2 de maio de 2022).

Consta unha subvención concedida á AVPC do Concello de Cambre por importe de 2.209,14 euros.

- Anuncio do 11 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0393 e catro máis). (Diario Oficial de Galicia número 84, do 2 de maio de 2022).

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes – Sección de Servizos Sociais – da Deputación Provincial da Coruña, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2022 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 83, do 3 de maio de 2022).

- Anuncio do 8 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0369 e vinte máis). (Diario Oficial de Galicia número 85, do 3 de maio de 2022).

- Anuncio do 8 de abril de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se notifican os acordos de incoación de expedientes sancionadores por incumprimento das medidas de prevención e contención en materia sanitaria do Concello de Cambre (expediente SCOVID/CAMBRE/0310 e dezanove máis). (Diario Oficial de Galicia número 85, do 3 de maio de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 22 ao 28 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 684/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 723/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
684/2022	22-04-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de abril de 2022
685/2022	22-04-2022	Aprobación programa de actividades "Campamento urbano de verán 2022"
686/2022	22-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dun pendello, sen título habilitante, no lugar de Coto, Brexo. Titular BCT
687/2022	22-04-2022	Declarar a desistencia da solicitude presentada por PAM sobre informe de viabilidade de implantación dunha pranta de reciclaxe de residuos
688/2022	25-04-2022	Solicitude número de vivenda a instancia de CPT



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

689/2022	25-04-2022	Aprobación de certificacións correspondente á obra "Proxecto básico e de execución. Edificio sociocultural na parroquia de Cela. Lg. Pena (solo). A Igrexa. Cela. 15660 Cambre. Maio 2020" e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe de 90.232,89 euros, así como o seu pagamento (certificacións 8ª a 14ª)
690/2022	25-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 13.718,60 euros
691/2022	25-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.S.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
692/2022	25-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.J.G.H. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
693/2022	25-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.T.V.L. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
694/2022	25-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.L.D.S. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
695/2022	25-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentos a M.J.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
696/2022	25-04-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de abril de 2022
697/2022	25-04-2022	Corrección da convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de abril de 2022
698/2022	25-04-2022	Aprobación da realización de espectáculos a través da Rede Cultural 2022 da Deputación da Coruña e do gasto correspondente
699/2022	25-04-2022	Licenza de edificación de vivenda a situar no lugar do Souto, parroquia de Sigrás. Promotor: D.L.Z.
700/2022	25-04-2022	Resolución Alcaldía aprobación nómina do mes de abril de 2022
701/2022	26-04-2022	Solicitude número de vivenda a instancia de SANSIGA INMOB S.L.
702/2022	26-04-2022	Convocatoria e bases concurso informador xuvenil
703/2022	26-04-2022	Aprobación do programa de actos e do orzamento dos proxectos Letras Galegas 2021 e 125 Aniversario da Música de Cecebre
704/2022	26-04-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a N.C.C. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza
705/2022	26-04-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de movementos de terras (recheos) en terreos sitios en Quintán, Cecebre, que non se axustan aos criterios establecidos na licenza concedida no expediente 2021/U024/000004. Titular: J.A.F.S.
706/2022	26-04-2022	Licenza de vao permanente para o acceso a zona privada de estacionamento situada na Estrada Cambre-Temple
707/2022	26-04-2022	Expediente sancionador pola existencia dun valo publicitario na marxe do camiño público 1c. 1.0040, no Temple. Nome comercial: Clear Channel España, S.L.
708/2022	26-04-2022	Decreto aprobación relación de solicitudes admitidas dos participantes no programa de actividades "Obradoiros de Semana Santa 2022".
709/2022	27-04-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 26.567,69 euros
710/2022	27-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 17.459,46 €
711/2022	27-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentos a Y.H. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

712/2022	27-04-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de abril 2022
713/2022	27-04-2022	Solicitud número de vivenda a instancia de I.V.M.
714/2022	27-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 6.015,28 euros
715/2022	27-04-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de marzo de 2022, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de abril de 2022.
716/2022	27-04-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a A.J.M.C.
717/2022	27-04-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 92.100,09 €
718/2022	28-04-2022	Xustificación 2ª parte Convenio Sementeira 2021
719/2022	28-04-2022	Solicitud número de vivenda a instancia de Roncesvalles Hogar S.L.
720/2022	28-04-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.S.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
721/2022	28-04-2022	Concesión axuda emerxencia social a R.M.D.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
722/2022	28-04-2022	Contratación de actuación "As que máis molan da Gramola". – Rede Cultural
723/2022	28-04-2022	Expediente núm. 18/2022 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2021 ao exercicio 2022.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de aprobación do expediente 2022/C004/000008, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da «*Producción do evento cromático "Mural Fest", dentro do programa "MoceArte", a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024*», sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

- Proposta de aprobación do expediente 2022/C004/000008, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da «Producción do evento cromático "Mural Fest", dentro do programa "MoceArte", a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024»

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 2 de maio de 2022, que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data do 27 de abril de 2022 asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa para a contratación do servizo de produción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024, na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 98.141,14 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 59.479,48 euros sen IVE, 71.970,17 euros IVE incluído.

Visto que con data do 28 de abril de 2022 asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal e polo concelleiro-delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude, informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de produción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024.

Visto que con data do 27 de abril de 2022, asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas particulares que rexen a realización da prestación.

Visto que consta documento de retención de crédito con data 15 de marzo de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 337 22610 "Programas Xuventude", por importe de 35.985,09 euros correspondente á primeira anualidade.

Vista a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental e o interventor municipal con data de 29 de abril de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar continuidade a un evento cultural exitoso nas catro edicións celebradas ata o momento (2017, 2018, 2019 e 2021), promovendo a produción un ano máis do evento cromático 'Mural Fest' e as súas actividades complementarias, tendo en conta que se trata dunha opción de lecer onde a arte xoga un papel importante, que pode axudar a moitos/as mozos/as a desenvolver o seu potencial artístico e converter unha afección, molesta para os cidadáns, en arte, contribuíndo ademais á rexeneración de espazos urbanos; isto de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura segundo establece o art. 25.2.l) m) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, co que queda debidamente xustificada a necesidade de contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2022/C004/000008, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á "Producción do evento cromático 'Mural Fest', dentro do programa 'MoceArte', a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024", cun valor estimado de 98.141,14 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de contrato de 59.479,48 euros sen IVE, 71.970,17 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero.
 - A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López